

LAUDATIO DO SEÑOR AURELIO RAMOS OGANDO

Co gallo do galardón Mestre da Memoria. Lugo, 29 de outubro de 2021

Calros Solla

De primeiras, quero agradecerlles á Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Sección de Literatura de Tradición Oral a oportunidade de participar neste acto a carón da señora Teresa Reigía Pose e do señor Aurelio Ramos Ogando, a quen hoxe se lles fará entrega solemne do galardón Mestra e Mestre da Memoria, na súa novena edición. Moitas grazas aos responsábeis do Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo por nos acoller, moitas grazas ao público asistente e parabéns aos galardoados.

Como xa vou tendo os meus anos, pódomas dar de vello, e presentarme perante vostedes coma un home entregado e asentado cuxas canas e enrugadas me impedirían falar a fume de pallas. En verdade lles digo que ando nesa medianía que xa me cohíbe á hora de prodigarme na chocallada, malia recoñecer que apenas a coiraza da retranca me guariu até hoxe, despois de percorrer do dereito e do revés as vereas e corripas da nosa esgrevia Terra de Montes que é, en moitos aspectos, metáfora do país.

E neste ler e desler impenitente pola comarca, neste vezo non amansado da curricaina, da rebusca, da escoita, da pregunta e da recolla, podó dicir sen trabucarme que, aldea tras aldea, rueiro tras rueiro, trabei coñecemento con moitos montañeses e montañesas que, cadaquén ao seu xeito, me fixeron morgado da herdanza contante, cantante e soante do saber tradicional. Morgadío do que, malia a miña pouca cabeza, me foi confiada a súa administración.

A varia e innúmera paisanaxe coa que, ao longo de vinte e cinco anos, fun estreitando o vínculo da confianza e mesmo da amizade, deume foro para establecer, portas para dentro, unha fría taxinomía dos meus informantes. Vexamos: hai xente que sabe, mais non o quere contar; hai xente que sabe, mais non o sabe contar e hai xente que sabe e, mel sobre as filloas, sabe contalo.

Ende ben, botando por terra o meu pobre criterio sistematizador, refutando os febles alicerces do meu catálogo, o señor Aurelio Ramos Ogando ficaría fóra desta desactualizada clasificación; porque o señor Aurelio é a todas luces inclasificábel.

Este noso veciño do lugar da Alén, na bearicesa e ourensá parroquia de Xirargha, é un home que sabe (e moito), sabe contalo (e moi ben) e, aínda por riba, deveceu sempre por no lo contar. Esta particularidade, esta ansia por nos transmitir

o que a el lle transmitiron os seus maiores, este degoro por compartir connosco, xenerosamente, o froito da súa curricaina, rebusca, escoita, pregunta e recolla; esta calidade é, por riba de todas, a que o fixo merecente do prestixioso Premio Mestre da Memoria. Méritos que comparte, abofé, coa coruñesa de Malpica Teresa Reigía Pose, Teresa dos Cucos.

Non é o señor Aurelio Ramos Ogando un mero transmisor, pois, como é neles connatural, os excelsos contadores de historias fan e refán o discurso ao seu antollo, mantendo apenas a armazón do santo e mudando a indumentaria ao gusto do relator ou do seu auditorio. A mestría do señor Aurelio evócame a trafega que as mantedoras da capela de Arén (en Cerdedo) tiñan coa súa Conceución, unha Virxe de vestir que, coma moneca consentida, disfrutaba dun cumprido enxoval, unha ducia de perrucas de cabelo natural de diversas tonalidades e unha rica colección de abelorios de ouro, prata e fantasía. Os conxuntos de vrau, inverno e de entretempo, doados no pasar dos anos polos seus fieis devotos, dispuñan aquela santiña tanto para as continxencias do tempo ordinario coma para as festas máis sinaladas. Talmente, o señor Aurelio amenízanos a súa liturxia cunha ampla gama de contos, fábulas e apólogos, refráns e adiviñas, brindes nupciais, coplas, romances e cantares de cego. E o seu repertorio, escollido para cada ocasión, ora tira cara ao histórico, ora cara ao mitolóxico, ora cara ao serio, ora cara ao verde, picante ou colorado. A ninguén deixa insatisfeito, pois o Ramos da Alén, dálle a todos os paus, nunca pasa fea e sempre ten o ás para matar o tres.

O señor Aurelio sabe, sabe que o sabe, e tamén sabe que, por misericordia, ten a obriga moral de ensinar aos que non sabemos ren para, elos todos desta cadea milenaria, acabar tomando o relevo, incorporándonos, antaruxados, á Santa Compañía da galegitude. Feita a analoxía, permítanme, neste punto, apontoar a miña intervención cuns versículos do evanxeo de Castela: Se no abrente deste día poidéramos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direccións, abrangueríamos o portento dunha mañán única. Dende as outas planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías mainas de Pontevedra, oureladas de piñeraes; dende as serras nutricias do Miño e a gorxa montañosa do Sil até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas de entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava da Cruña, onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o cume de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de gloria...

Nas verbas esperanzadas do irmán Daniel achamos o conforto e o adaxo para xuntármonos, un ano máis, arredor do lume inextinguíbel da nosa cultura. Hoxe, no eixido da casa galega, as cacharelas labarean na honra de Aurelio e mais Teresa, Teresa e mais Aurelio; e xamais daremos por ben pago o moito ben que nos fan e fixeron, o moito que miraron polo arriquecemento da habenza común, o moito que velaron para que os de fóra non nos viñesen mover os marcos. O moreo de leña reboleira que, neste serán gozoso, arde, aluma, quente e estrala nesta lareira do Vello Cárcere de Lugo foi decotada, picada e portada afanosamente, garabullo a garabullo, polos nosos devanceiros, dos que Teresa e mais Aurelio son selleiros

representantes. Cando enchidos de orgullo os alumnos celebramos o saber depredido dos nosos mestres, cando esta gratitude se expresa en acto público e concorrido para enxalce do seu maxisterio, cando ritualizamos esta comunión interxeracional, no noso horizonte “xorde”, resplandecente, “unha alborada de gloria”, apróntanse os eidos para que na Galiza, como dixo o profeta, florezan outras “mil primaveras máis”.

Os voluntarios do Capitán Gosende estamos afeitos a deixarnos barallar polos camiños da vida. Malia a nosa pouca disciplina castrense, non camiñamos por facer perna, vadiamos secasí coas orellas tesas e cos ollos arregalados, para non perder detalle, xa que, adoito, o transcendental mimetiza co brión ou coa piñuca e pasa inadvertido.

E unha tarde solleira de domingo, na valiña de Xirargha, entre o monte do Ceo e a carballeira de Casaseto, batemos con Aurelio Ramos Ogando. Era de obriga dar con el, xa que a súa sona de sabio o precedía, e todos aqueles cos que denantes faláramos nos redirixían a el de querermos ver colmada a nosa curiosidade. A primeira conversa tivo lugar no camposanto do San Salvador. Os ósos e as cinzas dos antepasados, expectantes, levantaron acta do encontro.

O señor Aurelio Ramos anda nos 93 anos e tras case unha centuria de afanoso traballo cotián (aquí na Galiza e mais no Brasil das Américas), tras milleiros de horas de tractor e segadora, tras unha operación de cadeira e outra de belidas, axúdase hogano dun caxato para camiñar. Mais, non se deixen enganar, o noso home posúe unha vitalidade envexábel, propia de quen segue enfrontando o día a día con optimismo, xovialidade, largueza e a inesgotábel capacidade de abrairse cos pequenos e grandes misterios da existencia. O temperamento do señor Aurelio é altamente contaxioso, previndos quedan. De feito, a cada pouco asáltanos a sospeita de que o noso interlocutor non sexa senón un trasno rebuldeiro. O trasno disimula ben disimulada a súa condición, arremedando coxeira e cofando con donaire o floco do cabelo, mais, en calquera momento, hásenos virar diabo, diante ou cachán, e aos choutos verémolo fuxir ouleando ás gargalladas: “Ghughurugú, os de Ghosende quentáronme o cul!!!”.

Anque así rematase a historia, ben seguro pagou a pena ter feito pauto con este demoño. Este home-menciña é todo el un antídoto contra a desmemoria, contra o ensimesmamento, contra a tristura, contra a resignación. O pobo de Xirargha, no Beariz da Terra de Montes, a aldea natal do señor Aurelio erixiuse paradigma da Galiza eterna e douta, aldeá e universal, profunda de sentimento e identidade. Neste senso, a AELG recoñecía, así mesmo, en 2017 ás Pandeireteiras da Alén, veciñas porta con porta, co Premio Mestras da Memoria, “polo seu inmenso traballo na difusión da literatura de tradición oral”. Algo terá a auga, cando a bendicen.

Tornemos a aquela tarde, cando nos demos a coñecer. Calquera outro domingo, o señor Aurelio dirixiríase a pé a Doade para botar a partida, emporiso, por riba de todo, o noso persoeiro estima un bo parrafeo e se a parola versa do Ciprianillo ou de mouras encantadas, mellor que mellor. Feitas as presentacións, xa nos estabamos intercambiando os números de teléfono. Cando soubo que andabamos na procura dunhas pedras riscadas, duns petróglifos –para entendérmonos–, preguntounos de esguello: “E logho, vostedes andan atrás dalgún tesouro?”. Non fixeron falla máis explicacións. Axiña se acomodou no asento de diante do noso automóbil e, seguindo as súas prontas indicacións, atravesamos o lugar da Alén e ascendemos pola pista forestal que cingue as lombas de poñente do monte do Ceo. “Por aquí soben coches a cada pouco”, díxonos Aurelio todo oufano. O chasis da carrilana rozou bruscamente no chan ao pasar a pontella da regata da Alén. Mirámonos os uns aos outros: “Desta non saímos” –pensamos todos.

Trufando a viaxe co seu saboroso anecdotario, o señor Aurelio guiounos até a valiña pola que discorre a regueira de Arriba. Pé en terra, avanzamos por un camiño atuído de matogueira e piñeiros derrubados. No medio do leito seco da regueira localizamos a pedra que con tanta ansia nos quería mostrar: “Ten buratiños por encima e así coma uns peciños de neno”. Coa enxeñosa imaxe dos “peciños de neno”, o señor Aurelio, describíndonos o gravado rupestre, referíase ás coviñas comunicadas por unha canle-desaugadoiro, é dicir, o que nós deramos en denominar pomposamente “concavidades tipo bacilo”. Por mor do mal estado do camiño, o señor Aurelio non se puido achegar todo o que quixer á pedra, pero si lembraba con nitidez aqueles episodios da infancia nos que, canda outros pastoriños, xantaban enriba dela sen afastar a vista do gando.

Tras as anotacións, tornamos á pista forestal. De chan, ordenamos botar un pito e o señor Aurelio amenizounos a fumata con outro conto marabilloso:

“O camiño atravesa o regheiro. O que queda pra riba do camiño é a regheira de Riba; o que queda pra baixo pois é a regheira de Baixo. Aquí hai unha lenda dunha rapaza que veu ghardar o ghando e viu unha tenda aquí na Regheira de Baixo, na laxa. A xente xa falaba que na laxa aparecía unha tendeira cunha tenda... E a tendeira díxolle: “Ven pra acá, miña amigha, que che hei reghalar esta tenda toda”. Pero tamén lle dixo que tiña que ir á casa e coller o pano da cabeza, que era da nai, porque estaba bendicido de ir os domingos con el a misa, e que lle facía falta; pero non llo podía dicir á nai, tiña que ser secreto. A rapaza foi. “Vai, miña filla, vai; que che hei reghalar esta tenda toda”. Foi, pero a nai, ao vela na casa, empezou a berrar con ela. A rapaza rebentou coa razón, dicíndolle o que era. Como se sabía que aparecía a tenda, a nai toda contenta acabou por darlle o pano. Pero a tendeira dende lonxe, díxolle: “Ven pra acá, miña amigha, que con estas aghullas heiche furar os ollos e con estas tesoiras heiche cortar a lingua pra que non fales outra vez”. E coa mesma, envolveuse a tenda toda e foi a tombos polo monte abaixo”.

Aurelio prodigábase en explicacións: “E que a rapaza non a soubo desencantar, porque tiña que facer o que lle mandou ela. Se a tendeira lle preguntase: “Que é o que millor che ghusta desta tenda?”. E se fose un home, debera dicir: “Ghústame máis a tendeira”. Acertaches. Porque, cada encanto ten a súa forma de desencantarse”.

Aínda enfeitizados, abandonamos as lombas meridionais do monte do Ceo e dirixímonos cara as de poñente. As laxas inscritas do Outeiro da Carqueixa agardaban por nós. Nin a mesta carroucha nin a toxeira pugarenta nin as ribadas e desniveis apouvigaban o señor Aurelio, que ataviado coa roupa de domingo, aínda lle sobraaban folgos para botarlles picardías ás compañeiras de Capitán Gosende...

Durante as semanas seguintes, coma quen vai comungar, coma quen vai pillar a súa dose de realismo máxico, atravesamos o monte do Seixo para irnos coller da man do señor Aurelio, investido petrucio, avó e cicerone. Abandonados á súa hipnótica retrónica, fómonos sumindo nun sopor suxestivo e apracíbel, sensación xa antes experimentada ao inxerirmos as narracións de Rulfo ou de Cunqueiro.

E recreándonos nos pormenores da revelación, fomos aprendendo que a capela do San Domingos se erixira enriba dunha mámoa; que albo da cobiza humana, a certeza do tesouro fixera desaparecer seis das sete medorras daquel cemiterio prehistórico. Soubemos que no resío da capela do San Domingos se enterraron os santos cando o templo deveu en ruína; que non moi lonxe daquel sagrado, amontearon os mananciais salutíferos do Campo dos Baños, porque o médico e o boticario, temerosos da competencia, pregoaron que de se abriren as fontes, soltaríase un volcán de auga que asolagaría a parroquia de Presqueiras; que as aldeas da Correa e mais de Framia deslindan no marco de Xan Xil, a pedra da parroquia; que o chantón da pedra dos Mouros sinala o lugar onde se librou unha sanguenta batalla entre hostes de mouros desamigados; que no outeiro de Suavela, unhas sentinelas montan garda á espera do retorno da mourindade fuxida, mentres sacian a sede nas bacías do outeiro da Auga Empuzada; que na pedra da Ferradura escorregou o cabalo de san Santiago, esfachicador destes mouros ou dos outros; que na Casavella un cura deu criado sete fillos, e, segundo a copla, non a por de leite: “Anque somos de alá arriba, de ao pé do Carrasco Branco, sabemos beber o viño, tanto o tinto coma o branco”; que os frades de Aciveiro accederon a esconxurar o “medo” do Portacabalo a troco de percibir unha renda vitalicia; que a tía Caniza foi buscar o cadáver do seu fillo ao camposanto, e que para a casa o traería se non a advertisen de que non marchaba co seu, senón con outro, que aquel anxiño levaba os zoquiños postos; que na aba do Recosto, así mexaren tres Marías por riba do Seixo Branco, así baixo o penouco agromaría ben doado un tesouro; que a parroquia de Pardesoia ten a súa orixe na chousa de Pedro Bras que para iso lle fincou os marcos ao socairo da noite; que á Terra de Montes ghardan cinco xigantes seu lar: Seixo, Costoia, Coco, o Chamoso e o Candán; que unha mociña do Samarcos morreu de morte matada a mans de seu pai incestuoso e que, por tal, o caso deu

lugar a coplas; que a Santa Compañía pasea da Correa a Doade e de Doade á Correa coma calquera lugués en día solto pola rolda da Muralla; que a planta milfollas ten quince virtudes e que as virtudes se gardan na flor; que o libro Ciprianillo di que dos cento setenta e catro tesouros da Galiza, cando menos cen se agochan no concello de Beariz...

E sen deixarnos coller alento, o señor Aurelio proseguiría:

“Para alá da Hedreira, hai unha ponte romana e tamén había un tesouro. Estaba o monte todo picado, desfizeran a ponte toda, e ninguén topaba o diñeiro. Un paisano de alí foi traballar para Portugal e oíu falar nun bar a uns mouros que estaban lendo no libro (no Ciprianillo). Achegouse a eles –que falaban medio en castelán– e dicían: “¡Quién nos diera lo que dejaron nuestros antepasados en el puente de Casariñas!”. “Carallo! –dixo–. De alí son eu”. E como lle soaba o do tesouro, foise arimando a eles e convidounos a unha copa. Tanto lles deu de beber que lle cantaron todo: “En el puente de Casariñas, dirección del naciente, tantos pasos para aquí, hay un penedo; tantos para allí, hay otro; tiene una cruz, tiene esto, tiene esto otro; al pie de aquel, hay –como decía o libro antighamente– un pote de tres pés coa súa tapa de pote tamén, cheo de libras de ouro”.

E entón o home reghesou para Ghalicia con apuro. A muller pensou que viña enfermo. Había tres días que marchara. “Pero ti, que che pasou?; vés enfermo?”. “Cala a boca oh, non pasou nada. Mañá imos ao toxo á Casariñas”. “Ti estás tolo, témolo aquí ao pé da porta e imos ir á ponte de Casariñas polo toxo”. “Cala a boca –respondeulle–, que certei do tesouro; os mouros dixéronme do tesouro”.

Ao día seghinte, alá en Casariñas, díxolle o home á muller: “Bota un feixe de palla no carro. Aghora ti cortas un pouco toxo para despistar o caso”. Ela púxose a cortar no toxo. El púxose, seghundo lle dixeran os mouros, a medir os pasos: na dirección daquel penedo, tantos para a dereita, tantos para a esquerda; pico e pa, ata que topou o pote. “Aquí está, aquí está, cheo de libras de ouro!” –berrou. E entón viñéronse para a casa, puxeron o toxo por riba... “Pouco toxo traedes” –díxolles un veciño. “Non, é que vimos de moi lonxe. Fomos a el a Casariñas que o de aquí é máis bravo” –atallaron.

Tantas libras vendeu que lle chamaban o Caghalibras de Casariñas. Pero el calou a boca. Antes andaban os prateiros polos lughares vendendo reloxos, cambiando reloxos, comprando cadeas, vendendo cadeas; como aghora, compraban e vendían ouro. E a cada prateiro que cheghaba por alí, el vendíalle unha moeda para o seu arrehlo. E de aí que andase polo Caghalibras”.

Moito lle rimos este conto ao señor Aurelio e moito agradecemos ter coñecido ao que, sen dúbida, é o bearicés máis ocorrente e enxeñoso. Labrego motorizado, compoñedor de reloxos e trebellos electrónicos, botánico, presidente da Comunidade de Montes, contador de contos, regueifeiro, pandeireteiro..., e

agora, tras a exitosa estrea do filme “Negro púrpura”, rutilante estrela de cine. Con menos méritos algúns teñen chegado a alcalde.

Miñas donas e meus señores, atrévome nestora a trasladarlles aos nosos homenaxeados unha petición, que non é antollo senón arela señardosa: quero que o señor Aurelio me leve no seu tractor vermello á feira de Doade, e ao avesío da carballeira, mandarlle unhas racións de polbo á feira e un caneco tinto de Ribeiro, e brindar polo porvir ben alicerzado; quero que a señora Teresa dos Cucos me faga un carriño de varas e mais unha motora; e no tractor, no carro ou na motora, deixar escritas as rodeiras da vida nos cadernos da terra, do mar e do ceo.

Estas persoas entrañábeis e indispensábeis que hoxe, humildemente premiamos, viñeron a este mundo de traballos e fatigas, e angueirosos enfrontaron as dificultades e fixeron por vida; mais non se limitaron a gardar o seu con día, ben ao contrario, tiraron folgos da extenuación para compartir con cadansúa comunidade a ledicia do conto ben contado e do canto ben cantado; porque o pobo que conta e canta unido, arrostra unido a fortuna e a adversidade, e medra en por xunto. Aurelio e Teresa, Teresa e Aurelio están feitos da mellor fariña do óleo, son o cope das mareas máis frescas e farturentas; e no seu forno multiplícanse os pans e nas súas redes multiplícanse os peixes. Que nunca falte pan e compango na mesa dos galegos, que nunca botemos en falla Teresas e Aurelios nas foliadas da sobremesa.

E falando de fariña ben amasada, mándolle a arrincadeira, compartindo con todos vostedes outro dos contos do noso sabio de Xirargha, para ver se, a por de repetir, se me vai pegando algo:

“O cregho da miña terra é un curiña moi velliño moi velliño. Tamén ten unha criada tan velliña coma el. O domingo antes de dicir misa, díxolle el á criada:

–Oia, en canto que eu vou prá igrexa dicirlles misa aos parroquianos, ti faima un pote de papas, porque aghora como vas velliña, pouco máis vales que pra facer outra cousa.

–Boeeeno, como vostede mande, señor abade! –respondeulle a criada.

Alí foi o cregho, marchou prá igrexa dicirlle misa aos parroquianos e ela quedou facendo o pote das papas e mais cocendo unhas pouquiñas patacas. Pero cando estaba remexendo na fariña das papas, válghame Dios, faltoulle máis da metade da fariña pra rematar o pote. E ela botando as mans á cabeza, dixo:

–Ai Dios mío querido, como lle eu vou pedir a fariña ao señor cregho no medio da misa á vista de todos os parroquianos!?

Pero a muller alá se decidiu, marchou prá ighrexa, quedou de pé na porta travesa e de vez en cando estaba ela polas costas da man cara ao cregho:

–Shsssss! Shsssss! Shsssss!

Como daquela os creghos dicían a misa co ás de ouros cara á xente, que aghora xa a din de cara como a dixo Nuestro Señor, non emprestaba atención aos asubíos da criada. E ela volveu máis forte pola palma da man:

–Shsssssssss! Shsssssssss!

E aí foi cando o cregho ollou pra atrás, disfrazando a cousa coma que saudaba o público pra dicir “Dominus vobiscum”, e mirar quen era o que asubiaba. Logho se deu conta de que era a criada. Antes que o cregho se revirase, foi a criada e pediulle a fariña en latín pra que ninguén a entendese:

–Papooórum, papooórum, raroóórum, raroóórum, fariñoóóruuum!

O cregho axiña entendeu que ás papas lles faltaba fariña e que lle ían saír raras. El tamén lle contestou en latín, para que ninguén entendese:

–Colles a claves chavooórum mea que están colghadas detrás da porta portooórum meaaa. Abres a maseira maseirooórum mea, que alí hai bastante fariña fariñoóórum meaaa. Colles deses teus puños cheúdos e fartudos, pra lles botar máis fariñorum ás papooórum, pra que saian bastante bastooórum meaaaa.

E respondeulle a criada:

–As patacas patacooórum están cocidas cocidoóórum, pero aínda lles falta o pementón picantooórum pra facer o refritooórum.

E díxolle o cregho:

–Colles o pementón picantooórum que está dentro da artesórum meaaa, pero por se acaso non lles botes moito pementón picantooórum ás patacórum, que despois me pican no sécula seculooórum.

E a criada engadiu:

–E botareille máis unha cunca cuncórum de augha aughórum ao pote das papas papórum, pra facer unhas pouquiñas máis prá criada súaaa.

E engadiu o cregho:

–E fai tamén prá filla noostraaa. E fixeches ben en falar en latinoóórum, que así ninguén entendeu o noso galegoóórum, e fas máis pra nostrórum e pra vostrórum que prós de fóorum meaaa.

Así foi que, como ningún dos parroquianos entenderamos o latinórum que falaran o cregho e mais a criada, todos respondemos a un tempo:

–Ameeeeeeeén!?”.

Vou rematando.

Aínda que a exerce con discreción, Aurelio Ramos Ogando engade ao seu abastado currículo outra profesión de risco: a de buscador de tesouros; como diría Cunqueiro, o oficio de *cacheador* impenitente, *cipriamillo* e *fabulante*..., mais sen ánimo de lucro.

Señor Aurelio, amais do profundo afecto e admiración que lle declaramos, tamén compartimos con vostede esa atracción polo marabilloso, a febre da esculca, o feitizo dos biosbardos, o escudriñar, chova que vente, pola riqueza agochada; haberes que non adoitan materializarse en cartos, senón en austero coñecemento.

Agardamos confiantes que a vida lle deparase a descuberta dalgún tesouro – verba e bagaxe ten abondas para esconxurar calquera encanto e para bicar nos beizos a cobra rouseante–. Non hai dúbida que chegar a coñecelo, desfrutar da súa palabra celmosa e da súa hospitalidade supuxo para nós o achádego do mellor e máis apreciábel dos tesouros.

Longa vida, Aurelio Ramos; longa vida, Teresa dos Cucos.

Moitas grazas.